

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 18 de xuño de 2015 produciuse un accidente de tráfico na rúa do Restollal. Como consecuencia do impacto do vehículo implicado no accidente, unha parte do muro de protección do carril de circulación dereito en dirección á rotonda de Pontepedriña, así como a varanda de metal que vai por enriba do mencionado muro, quedaron destruídos. Esta situación supón que nese punto do carril de circulación, non hai ningún elemento que impida que un vehículo, por accidente, poida caer ao carril que discorre a nivel inferior e paralelo ao carril superior como se pode ver nas fotos adxuntas. Ademais a día de hoxe, esta situación non está advertida por ningún elemento de sinalización.

Por este motivo, o Grupo Municipal Popular formula o seguinte ROGO:

***Que desde o Concello se proceda a realizar as xestións pertinentes para arranxar este muro de protección do carril de circulación que discorre pola rúa do Restollal en dirección ao centro da cidade.***

Santiago de Compostela, a 11 de xaneiro de 2016.

  
Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela



